



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO
MGF/cvr
Refª: 19x050050044
Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-1-2019

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día trinta de xaneiro dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

5/44 ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE PRESENTADA POR DONA Mª ARANZAZU SASTRE CARRACEDO. MODIFICACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO MEDIO AREA ECONÓMICA, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA (OEP 2015).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Director de Recursos Humanos, do 24 de xaneiro de 2019, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de novembro de 2018, adoptou entre outros, o acordo 10/631 **DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ESTE CONCELLO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO ÁREA ECONÓMICA PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (OEP 2015)**, figurando como vogal titular:

“1.- María Aránzazu Sastre Carracedo, funcionaria de carreira, A1, Habilitación Nacional, Tesoureira Concello de Lugo”

Dito acordo foi modificado polo acordo 11/686, adoptado pola Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2018.

Visto o escrito, presentado no Rexistro Xeral deste Concello o día 21.01.2019 por Dona Mª Aranzazu Sastre Carracedo no que expón o seguinte:

“Vista a notificación recibida relativa á aprobación da lista definitiva de admitidos ao proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de técnico medio da Área Económica a medio de decreto 18011098, para o cal a que subscribe foi nomeada vogal no acordo da Xunta de Goberno Local 10/631, e examinada a mesma, a efecto de que polo órgano competente se examine e estime a concorrencia de posibles causas de abstención, de acordo co artigo 23 da Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas, expónse o seguinte:

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 19x050050044

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-1-2019

1.- A funcionaria que subscribe é titular da praza de Interventora do Concello de Sarria, onde exerceu entre os anos 2006 a 2011 e 2016 a 2017 co funcionario con habilitación nacional titular da praza de Secretario, con vínculo matrimonial cun dos aspirantes admitidos ao proceso, coa conseguinte relación de amizade.

2.- A funcionaria que subscribe exerceu como Interventora en acumulación no Concello de Guitiriz en xuño de 2016 e xuño e setembro de 2017, mantendo relación de servizo cunha das aspirantes admitida ao proceso.

En consecuencia, solicítase que polo órgano competente se estime a concurrencia de causas de abstención por parte de quen subscribe.”

Tendo en conta o disposto no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, segundo a cal son motivos de abstención:

“b) Tener un vínculo matrimonial o situación de hecho asimilable y el parentesco de consanguinidad dentro del cuarto grado o de afinidad dentro del segundo, con cualquiera de los interesados, con los administradores de entidades o sociedades interesadas y también con los asesores, representantes legales o mandatarios que intervengan en el procedimiento, así como compartir despacho profesional o estar asociado con éstos para el asesoramiento, la representación o el mandato.

c) Tener amistad íntima o enemistad manifiesta con alguna de las personas mencionadas en el apartado anterior.

d) Haber intervenido como perito o como testigo en el procedimiento de que se trate.

e) Tener relación de servicio con persona natural o jurídica interesada directamente en el asunto, o haberle prestado en los dos últimos años servicios profesionales de cualquier tipo y en cualquier circunstancia o lugar.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta e por unanimidade dos seguintes asistentes: Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS), en funcións; Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Estimación da solicitude presentada por dona M^a Aranzazu Sastre Carracedo, relativa á concurrencia de causas de abstención para a súa participación como membro do Tribunal cualificador do proceso selectivo para o



acceso en propiedade a unha praza de Técnico Medio da Area Económica pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, en execución de sentenza.(OEP 2015)

SEGUNDO.- Modificar o acordo 10/631 adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 7 de novembro de 2018, de xeito que o Tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Técnico Medio da Area Económica pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de consolidación de emprego temporal, en execución de sentenza.(OEP 2015), quedará integrado polos/as seguintes membros:

Presidente/a: Marta López Peña, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo.
Suplente: Francisco Rivera Iglesias, funcionario de carreira, A1, Concello de Lugo

Vogais:

- 1.- María Luisa Vila Fernández, funcionaria de carreira, A2, Concello de Lugo
Suplente: Pedro Fernández Agustí, funcionario de carreira, A2, Concello de Lugo
- 2.- Ana Isabel Sáez Mancebo, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo
Suplente: Ana Tabarés Martínez, funcionaria de carreira, A1, Concello de Lugo
- 3.- Juan Ignacio Márquez Gacio, funcionario de carreira, A1, Concello de Lugo
Suplente: Fernando Prado Rodríguez, funcionario de carreira, A1, Concello de Lugo

Secretario: Justo Díaz Rodríguez, funcionario de carreira, A1, Concello de Lugo
Suplente: María García Ferro, funcionaria A1 Habilitación Nacional, Vicesecretaria do Concello de Lugo

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.

